

RÚBRICA FOTOGRAFÍA FILOSÓFICA			
Calidade técnica e estética (max 2 puntos)	Bo encadre, bo enfoque, luminosidade suficiente, axustados ao que a fotografía pretende expresar. Ausencia de encadre ou enfoque pero con finalidade estética ou expresiva (2 puntos)	Hai partes na fotografía desenfocadas, está escura ou o encadre non é todo o bo que debera. Non se axusta á idea que se pretende expresar (1 punto)	Desenfocada, con mala luminosidade (escura ou queimada) e con mal encadre (0 puntos)
Riqueza simbólica e iconográfica da imaxe (máximo 2 puntos)	A composición ten información interna, pola que se articulan os temas e motivos da mesma: imaxe chea de información, de códigos que precisamos descodificar (2 puntos)	Os símbolos e a iconografía empregadas na composición son moi básicos, carecen de riqueza e profundidade expresiva (1 punto)	A composición non ofrece máis do que se percibe (0 puntos)
Adecuación e relación co tema xeral plantexado (máx. 2 puntos)	A fotografía reflexa claramente o tema proposto (2 puntos)	É difícil atopar a conexión entre a fotografía e o tema (1 punto)	Non existe conexión entre a fotografía e o tema (0 puntos)
Orixinalidade e profundidade da proposta e o enfoque (máximo 2 puntos)	A imaxe é unha nova forma de achegarse ao asunto que pretende expresar (2 puntos)	A fotografía segue xa camiños marcados, tratando de copiar imaxes similares xa célebres dentro da fotografía (1 punto)	A fotografía carece de orixinalidade, e é copia de moitas que se atopan na rede ao introducir a cadea de búsqueda correspondente (0 puntos)
Capacidade da composición para provocar sensacións, emocións e suxerir reflexións filosóficas (máximo 2 puntos)	A fotografía permítenos ampliar a reflexión sobre o tema proposto, servindo como punto de partida a novas maneiras de enfocalo, transmite emocións e sensacións e/ou aporta novos valores estéticos (2 puntos)	A fotografía límitase ao tema, incorporando variables estéticas xa coñecidas e sen dar xogo ao pensamento a continuar coa súa actividade (1 punto)	A fotografía non provoca ningunha emoción ou sentimento, non suxire ningunha reflexión e /ou non aporta novos valores estéticos (0 puntos)
Fonte:	http://redfilosofia.es/olimpiada/wp-content/uploads/sites/3/2016/11/IV_Fotograf%C3%ADa_filos%C3%B3fica_criterios_valoraci%C3%B3n.pdf		